

MANIFESTACIÓN SÁBADO 10-01.08 NA PRAZA DA FERRERÍA DE PONTEVEDRA ÁS 20 h.:

PAREMOS O XENOCIDIO ISRAELÍ. SOLIDARIEDADE CON PALESTINA

MANIFESTO UNITARIO

Dende fai tres semanas o estado de Israel está levando a morte e a desolación ó pobo palestino e somete a toda a poboación mundial á humillación de ser testemuña impotente dun xenocidio, friamente executado.


As entidades convocantes desta manifestación denunciaremos este xenocidio, consentido polos gobernos máis poderosos da comunidade internacional.



Por tal motivo, decidímonos a:

- 1.- Amosar o noso horror diante da acción de Israel e a nosa solidariedade coas vítimas.
- 2.- Recoñecer o lexítimo dereito e deber do pobo palestino á defensa da súa liberdade e dignidade e a combater a ocupación da súa terra, a devastación do seu país e a apropiación violenta polo estado de Israel dos seus pobos, campos e aldeas.
- 3.- Parar o xenocidio do pobo palestino e a invasión militar da franxa de Gaza. Apertura inmediata pola comunidade internacional dun corredor para auxiliar á poboación de Gaza e pór fin ó seu illamento.
- 4.- Esixir ós gobernos (autonómicos, español, europeos e internacionais) que rematen coa súa pasividade, auxiliem de xeito inmediato á poboación palestina, condenen explicitamente este crime contra a humanidade e impongan a Israel o fin da súa agresión. Particularmente, esiximos ó goberno español que denuncie ante os seus homólogos da Unión Europea o tratado preferencial con Israel, o cese da venda de armas e que reconsideren o tratamento político, económico e diplomático co pobo palestino, en cumprimento da universalidade dos dereitos humanos.

VerAdhesións



Adhesións locais: ADEGA, Amarante, APDR, Asociación Multicultural Sen Fronteiras, Asociación Marroquí de Pontevedra, BNG, Briga, CCOO, Comunidade Islámica de Paredes, Comunistas da Galiza (PCPE), CIG, CGT, CNT, Concello de Marín, Federación de Veciños Teucro, Galiza Nova, Galiza por Palestina, Marcha Mundial de Mulleres, NOS UP, PCPG, UGT, Redes Escarlata, C.S. Revira, Verbo Xido,

Que se complementan coas ORGANIZACIÓNS CONVOCANTES A NIVEL GALEGO: primeiros asinantes:

ACSUR Galicia; ADIANTE; Asemblea Republicana de Vigo; Asoc. Francisco Villamil; ATURUXO / A Ghentalha do Pichel; BNG; BRIGA; CIG; Comité Defensa das Rías Altas; Comités; Corrente Vermella; Cosal – Coruña; COSAL – Santiago; CUT; DSI; Esquerda Unida; Esquerda Unida-Vigo; FPG; Fuco Buxán; Fundación Araguane; GALIZA NOVA; ISCA!; MARCHA MUNDIAL DAS MULHERES; Movemento pola Base; Mundo Sen Guerras; NÓS- UNIDADE POPULAR; Partido Comunista dos Pobos de España/ Colectivo dos mozos comunistas; Partido Humanista; PCPG; Plataforma Alternativa – Lugo; Plataforma de Lugo; Socialismo Libertario; Solidariedade Internacional de Galicia; Viraventos.

Ver: <http://www.galizaporpalestina.blogspot.com/>